

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EXTRACTO DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, APROBADAS NA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 24 DE FEBREIRO DE 2017

BDNS(Identif.):334410

En conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

Primeira. Entidades beneficiarias

As entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e teñan razón social ou delegación na provincia de Pontevedra. Deberán cumprir todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Segunda. Obxecto

Subvencións dirixidas a financiar as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos, programas e actividades para o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia machista na provincia de Pontevedra durante o ano 2017.



Terceira. Bases reguladoras

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 24 de febreiro; Ordenanza xeral de subvencións; Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2017; Lei 38/2003, xeral de subvencións; R. d. 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, e demais lexislación aplicable.

Cuarta. Importe

Sesenta e oito mil (68.000,00) euros. A contía máxima da subvención para cada entidade non poderá exceder os seis mil (6.000,00) euros.

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes

Trinta (30) días naturais, contados a partir do día da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Sexta. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: cada entidade poderá presentar unha solicitude, no modelo normalizado e coa documentación establecida na base sétima
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base novena da convocatoria
- Gastos subvencionables: os relacionados co programa para o que se solicita a subvención
- Compatibilidade: si
- Forma de pagamento: transferencia
- Forma de xustificación: mediante a documentación requirida na base décimo terceira da convocatoria
- Prazo de xustificación: ata o 28 de febreiro de 2018 (inclusive)

Pontevedra, a 2/03/2017.—A Presidenta, M.^a del Carmen Silva Rego.

